

O MONTE COMO OPORTUNIDADE SUSTENTÁBEL FRONTE Á CRISE

Cerna/Redacción

O pasado 4 de xuño desenvolveuse en Melide unha xornada dedicada a analizar o papel do monte galego como oportunidade sostible fronte a crise. A actividade estivo programada conxuntamente entre ADEGA e a ORGACMM (Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común). O monte é algo máis que un conxunto de árbores e polo tanto temos que descubri-lo, neses momentos de crise, desde outras olladas. Con esta premisa desenvolveuse unha intensa reflexión que contou coa participación dun total de 17 relatores distribuídos en catro palestras e cun nutrido auditorio que confirmou a interese da sociedade polo noso monte.

Nunha primeira palestra falou-se do “Monte como xerador de emprego” desde unha perspectiva histórica. Araceli Freire (historiadora da USC) tratou dos antecedentes históricos do noso monte; Xosé Antonio Meixide (técnico do CFEA de Guisamo), da formación como base para o emprego no monte; Mar Pérez Fra (membro do Departamento de Economía Aplicada da USC), da súa xestión e da conservación no pasado e os cambios que houbo até os nosos días; mentres Xosé Alfredo Pereiras (presidente da ORGACMM) abordou a necesidade dunha política sostible do monte como fonte de emprego e de vida.

“O monte sustentábel como oportunidade” foi o título da segunda palestra. Xabier Bruña (vogal de Medio Rural de ADEGA) analizou a necesidade da defensa da terra e dun uso equilibrado; Eloi Villada (técnico da Consellería do Medio Rural) deu conta de modelos silvopastorais como exemplos de manexo sustentábel do monte; Xosé Manuel Yglesias Espiño (presidente da CMVMC de Carballo-Friol), contou a experiencia de posta en valor do monte comunal; e Ramón Lourido (xerente de abonos Lourido), presentounos un proxecto de compostaxe de toxo baseado na cultura tradicional do manexo do monte.

A terceira palestra versou sobre “o monte como vertebrador territorial e social e como axente activo”. Sobre o aproveitamento eólico nos nosos montes falou Damián Copena Rodríguez (Universidade de Vigo); logo Felipe Castro (ex-presidente da CMVMC de Salcedo e Bairán de Pobra do Brollón) introduciu a cuestión da recuperación etnográfica do monte. Pola súa banda, Xosé Dobarro Casal (ex-secretario da CMVMC de Zobra de Lalín) fixo fincapé na necesidade de reinvestir no monte como aposta social; e finalmente o presidente da Mancomunidade de Pontecandelas, Alberto Lema,

xunto con Santiago Suárez Blanco, expuxeron dous exemplos concretos de usos sustentábeis no monte, como a lonxa de madeira e os parques intermedios e o aproveitamento gandeiro na Serra do Barbanza.

A última palestra contou coas intervencións de representantes dalgunhas experiencias destacadas en Galiza en canto á xeración de emprego nos montes. Así, participaron desta o titular da explotación gandeira “O Agro” de Celanova, Roberto Álvarez González; Olga Otero Gómez, en representación do modelo asociativo da UXFOR Fonte das Meigas (Chantada); Fuco Barreiro, membro da cooperativa Monte Cabalar (A

Estrada) e Latino Rodríguez, como voceiro da mancomunidade do Val Miñor (Pontevedra) na que se puxo en marcha unha empresa de servizos.

CONCLUSIÓN

A través das distintas intervencións confirmouse que o futuro dos nosos montes pasa por unha xestión sustentábel, integral, activa e participativa. Entre as cuestións formuladas nas conclusións das xornadas están que o monte foi, é e será unha fonte de xeración de emprego que fixa poboación no rural e favorece a economía local. Ademais o monte sustentábel preséntase como oportunidade ante a crise especulativa actual ao fundamentarse no traballo da terra e na



A xornada acadou un grande éxito de público, deixando pequeno o recinto de celebración.

xente. Neste sentido, o uso sustentábel do monte debe vir dado pola xestión integral, sendo os elementos claves da sustentabilidade: a conservación do monte, a participación activa na xestión do monte por parte das persoas propietarias e persoas titulares de monte, e a defensa da terra. A multifuncionalidade e a diversidade do monte son alternativas reais fronte ao abandono, e o monte de Galiza ten unha alta potencialidade para a boa xestión agro-silvo-forestal. Pola contra, as novas reformas legais buscan a predominancia do monocultivo forestal e a promoción dos cultivos enerxéticos.

Outra das reflexións importantes que se desenvolveu na xornada é que o monte veciñal, malia á súa importancia territorial (22,5% da superficie galega), non ten presenza nos estudos da comunidade científica, nin na análise da Administración, nin nos medios de comunicación, nin na opinión pública. A sociedade galega debería darlle a importancia e a consideración que merece. Ademais debe manter o seu carácter xermánico (propiedade colectiva vinculada á terra), evitando que as reformas legais posibiliten a súa privatización e, mesmo, a súa desaparición.

Os estudos sobre a aplicación real do aproveitamento eólico confirman que a actual normativa galega sobre parques eólicos é moi prexudicial para as comunidades de montes, pois limita moito a negociación sobre as condicións de instalación e imposibilita que poida constituír unha fonte de recursos para o desenvolvemento rural.

Por outra banda, resaltouse que a formación de persoas traballadoras no rural, debe apostar pola profesionalización, contribuír á modernización do manexo sostíbel da terra e a ofrecer servizos no rural. Ademais, o patrimonio cultural forma parte da riqueza e dos recursos do monte veciñal, polo que se debe promover a súa recuperación e posta en valor que evite a súa desaparición

e fortaleza o seu goce pola sociedade en xeral.

O monte galego é un monte activo, vertebrador territorial e social, que contén os elementos necesarios para dar estrutura ao territorio e ao capital humano; elementos clave para o futuro do noso rural. Neste sentido, a xornada concluíu que se deben promover plans de uso que contemplan as novas posibilidades do monte, de xeito integrado e contando co consenso de toda a sociedade. O futuro dos montes galegos pasa por reintroducir no medio rural a autoestima e adaptar os vellos recursos ás novas demandas aplicando os coñecementos e as técnicas actuais. Deste xeito, na planificación do monte hai que contemplar os novos usos do monte, servindo de exemplo os citados nos distintos relatorios da xornada como son: a produción de carne ecolóxica, a produción de adubos e a enerxía.

As xornadas demostraron que existen numerosas experiencias sostíbeis nos nosos montes que están a funcionar baixo o criterio da multifuncionalidade o que nos indica que o monte veciñal ten futuro. Porén, houbo coincidencia en que Administración da Xunta de Galiza non está a axudar nin a apoiar estas iniciativas, e en rexeitar o modelo de xestión conxunta que propoñen as SOFOR (Sociedades de Fomento Forestal) impulsadas polo actual goberno.

Fronte a afirmación do conselleiro de Medido Rural de que o despoboamento do rural non ten solución, estas experiencias veñen a demostrar que o rural está vivo e ten futuro, demandando un apoio máis activo da Administración pública. Se descoñecemos o que temos próximo, será moi difícil chegar a estimalo; e será así moi doado deixar de preocuparse por el. Achegémonos ao monte para escoitalo, sentilo, vivilo; e sobre todo para saber o que temos: un monte do que se pode vivir, convivir e gozar. Agardemos que non teñamos que perdelo para comezar a valoralo.



B. Rguez.

As xornadas foron inauguradas por Virxinia Rodríguez, presidenta de ADEGA; Socorro Cea, ex alcaldesa de Melide e Pilar Santamaría, Vicepresidenta da ORGACMM.



B. Rguez.

Araceli Freire (á dereita) e Mar Pérez Fra (á esquerda), ambas as dúas investigadoras na USC, retrataron a situación do emprego no monte no pasado e no presente, respectivamente.



B. Rguez.

Na segunda palestra xa se presentaron algúns casos prácticos de creación do emprego nos montes galegos, como Abonos Louro ou a Comunidade de Montes veciñais en Carballo (Friol).



B. Rguez.



B. Rguez.

As últimas dúas palestras acolleron exemplos moi variados de aproveitamento sostíbel dos montes, desde o enerxético até o patrimonial, o madeireiro, o agrogandeiro e o silvopastoral.